

As traballadoras do sector queremos informar á sociedade e en especial aos pais e nais das condicións laborais e das demandas das persoas que educamos aos seus fillos.

Tamén queremos trasladarlle ás titularidades dos centros, as patronais do sector aos partidos políticos e administracións o noso malestar e denunciar os intentos de manternos na precariedade.

## QUEREMOS UN CONVENIO DIGNO

NON QUEREMOS SEGUIR SENDO NIN GARDERIAS, NIN XARDÍNS DE INFANCIA, QUEREMOS SER ESCOLAS E QUE SE NOS RECOÑEZA COMO TALES A TODOS OS EFECTOS

¡QUEREMOS A INCLUSIÓN EN EDUCACIÓN DA ETAPA 0-3 ANOS!

### Somos educadoras

As persoas que traballamos no sector da educación infantil de 0-3 anos, (o 95% somos mulleres) reivindicamos a relevancia e o recoñecemento da nosa profesión. Queremos romper cos estereotipos que reducen a nosa actividade a unha función de garda e custodia de cativas e cativos: non somos garderías, non somos xardíns; somos escolas.

O valor do noso cometido no coidado das nenas e nenos non está en que os teñamos limpos, mantidos, entretidos, vixiados... mentras os seus proxenitores realizan a súa actividade profesional. Todo iso é importante, pero a nosa labor vai moito máis alá.

A psicoloxía infantil ten destacado a importancia dos tres primeiros anos de vida no posterior desenvolvemento psicosocial do individuo. Unha das finalidades da nosa actividade é potenciar as súas capacidades para que o seu progreso psicomotriz, afectivo, intelectual e social acade o avance máis amplo posible e os prepare para as etapas vindeiras. Por iso defendemos e reivindicamos a dimensión educativa da nosa profesión e a inclusión desta etapa no ámbito educativo.

### Condicións salariais

O noso salario apenas supera o SMI e non alcanza o 60% do salario medio nacional. Segundo a Carta Social Europea, somos traballadoras pobres.

Reivindicamos condicións salariais dignas e acordes ao noso traballo, formación



e responsabilidade. Somos persoas con formación superior e con salarios inferiores.

A desigualdade salarial que arrastramos con respecto a ámbitos afíns non é unha consecuencia da crise. Xa eran moi baixos cando a nosa economía era definida como o milagro de Europa. A crise só veu a incrementala e hoxe somos aínda máis pobres. Estamos convencidas de que os nosos salarios son baixos porque máis do 95% das persoas que traballan no sector somos mulleres.

Gustanos o noso traballo, pero queremos desenvolvelo en condicións económicas e laborais equiparables a das persoas do sector educativo. A satisfacción na realización do traballo é un factor que valoramos moito pero con ela non podemos acudir ao mercado para satisfacer as nosas necesidades vitais.

### Xornada Laboral

Comparadas co resto do ámbito educativo, as nosas xornadas son moi longas e ademais a súa totalidade desenvólvese na atención directa cos cativos. A nosa actividade non pode ser mecánica nin repetitiva, sen embargo non dispomos de tempo para organizar e preparar as actividades, materiais, avaliar os procesos, facer postas en común... Todo iso facémolo fóra da nosa xornada laboral; é traballo extra e non remunerado, a expensas da conciliación á que tamén temos dereito. É unha vella demanda que segue sen ser atendida.

### Condicións laborais precarios

O noso traballo non sempre se desenvolve dentro do respecto aos dereitos laborais recollidos no convenio. Algunhas traballamos en microempresas de carácter familiar nas que os intereses económicos da familia non son os nosos, pero nas que se nos pide que nos comportemos como se o fosen.

Outras entenden que ese é un negocio máis e que hai que xestionalo na obtención do máximo beneficio, inda que iso inclúa non respetar o establecido no convenio.

Outras en aras dun maior beneficio e dunha competitividade salvaxe pretenden degradar inda máis as condicións laborais e impulsan convenios de empresa inda máis precarios.

Moitas de nós temos contratos a tempo parcial -inda que as veces fagamos a xornada completa- polo tanto as nosas retribucións tamens son parciais e insuficientes para cubrir as necesidades básicas, emprender proxectos vitais con autonomía e garantir unha pensión digna cando chegue o momento.

Seguen realizándose contratacións temporais que as veces van máis alá do que a lei permite e as necesidades aconsellan. Contratar en setembro e despedir en xuño para aforrar os salarios dos dous meses do verán no que a actividade descende. Pero nós non temos un interruptor de apagado e durante eses dous meses seguimos necesitando comer, vestir.... vivir.



Defender os nosos dereitos é unha tarefa de risco. En moitas empresas do sector non existe representación sindical ou temos dificultades para organizarnos e facer cumprir a lexislación e avanzar na conquista dos dereitos. En ocasións é debido ao seu tamaño, pero tamén porque o sindicalismo é unha presenza incómoda, unha ameaza para orde imperante.

### As patronais que se sentan na mesa de negociación do convenio

Agora estase negociando o convenio e as patronais do sector permanecen xordas ás propostas das traballadoras. Pola contra, deben considerar que é o momento de degradar un pouco mais as nosas condicións laborais. Pretenden flexibilizar a nosa xornada semanal, penalizarnos se enfermamos, privarnos de parte dos 10 días de libranza anuais aos que temos dereito, flexibilizar inda mais os descolgues de convenio. Resístense a negociar subas salariais acordades ao incremento do custe da vida e que nos permitan recuperar parte do perdido os últimos 8 anos durante os que os nosos famélicos salários permaneceron conxelados. Seguen abrazados sen rubor á recomendación de traballar máis por menos.

Contraríanos a posición das patronais pola súa insensibilidade e as veces a súa voracidade. Durante estes anos de crise medraron os abusos de todo tipo: aumentos de xornada encubertos e non retribuídos, salarios por debaixo de convenio, horas extraordinarias que nin se declaran nin se pagan, días de permiso que non se conceden... Non lembran xa cando foi o último ano no que se nos incrementou o salario, nin consideran tampouco o sacrificio resignado das traballadoras durante os anos da crise... Todo iso xa non importa, seguen empéñándose en invocar ese escenario para xustificar que sigamos na precariedade.

Contraríanos que por boca de algúns dos seus representantes se xustifiquen propostas que firen a nosa dignidade e cuestionan a nosa integridade profesional. Non se pode afirmar –sen aportar datos- que hai que modificar a redacción da incapacidade temporal porque temos o costume de “poñermonos enfermas os venres e os luns”. Soster esa proposta apoiándose nesa afirmación é infame e contravén todas as estatísticas sobre absentismo laboral que sinalan que España está por debaixo da media europea.

Pedímoslles as patronais que a firmeza que mostran para negarnos as nosas demandas e dereitos tamén deberían demostrala noutros ámbitos onde se pode influir para mellorar as condicións sociolaborais das súas traballadoras. Así as empresas que xestionan escolas infantis de titularidade pública podían esixir que nos concursos as ofertas permitisen salarios dignos, podían non participar en concursos con propostas que rozan a oferta temeraria, podían esixir máis dotación de persoal, etc. Sabemos que iso non lles preocupa en



exceso porque o marco de beneficio garantirase conxelando o salario das traballadoras.

### As Administracións e forzas políticas

Temos dificultades que nacen tamén dunha lexislación laboral que facilita e abarata o despedimento, favorece a contratación precaria, da prioridade aos convenios de empresa sobre os sectoriais (arrastrando ao sector a unha competencia á baixa na que as damnificadas somos sempre as traballadoras) promove a externalización de servizos.... Diso son responsables os gobernantes.

Son responsables os gobernantes dunha lexislación que descuida o control dos tempos de traballo, que non impulsa as inspeccións.... e que polo tanto favorece a explotación e a fraude.

Son responsables as os gobernantes cando externalizan o servizo e favorecen concursos á baixa de servizos que deberían prestar as Administracións, ou cando ignoran intencionadamente as consecuencias de primar a oferta económica sobre outros aspectos....

Son responsables os gobernantes de desentenderse das condicións laborais das persoas traballan nos servizos que externalizan.

Son responsables os gobernantes por non incluír a Educación Infantil de 0 a 3 anos no ámbito educativo e consecuentemente pasar a depender do Ministerio de Educación e da correspondente Consellería

Nós esperamos das forzas políticas que se esforcen en proporcionarnos un marco estable e xusto no que vivir con dignidade e que demostren nas leis que aproban que as súas declaracións van máis aló das proclamas.

**Aspiramos a un convenio xusto, con salarios dignos que nos permitan vivir, non só sobrevivir.**

